

**José CEREIJO**

**Poemas**

Unhas poucas verbas  
na fronteira mesma do silencio  
como as que se retiran, discretas, cando é hora  
de que os corpos falen.  
Unhas poucas palabras: signos,  
indicios tan só. Un pouco  
de aire conmovido  
entre a man e a páxina.  
É abondo. Mesmo é demasiado.

Tamén hai verdade  
no silencio, na contemplación  
que nada procura e nada agarda.  
Non queiras, indiscreto, coñecerte  
máis do que é xusto.

Deixa obrar na sombra  
aquilo que simplemente es, e medra  
sen dar indicio de si. A árbore precisa raíces  
ocultas e profundas, e só grazas a elas  
vive. Hai en nós esa parte oculta,  
e quere respecto, e tempo. E, se non llos sabes  
conceder, ela non estará nunca  
verdadeiramente do teu lado: non terás,  
no seu lugar, senón fabricaciónns, simples cascás  
baldeiras.

Ser é saberse  
moitas voces concertadas; é harmonía  
e lentitude, é maduración  
e sombra. Non fagas de ti mesmo un espectáculo,  
nin sequera para os teus propios ollos.